



.....

**Xornada**

# **O coleccionismo privado da arte como soporte da cultura**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
Mércores, 26 de xaneiro de 2022



Un dos obxectivos principais da Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas céntrase na análise das diferentes áreas que compoñen a creación contemporánea. Despois de analizar, entre outras cuestións, os centros de arte e de ensino, o deseño, a exposición ou a moda, esta xornada pretende reflexionar sobre o ámbito do coleccionismo privado en España na actualidade. Para iso contaremos coa participación de tres destacados profesionais do sector.

Carmen de la Guerra realizará unha presentación baseada no seu traballo de investigación “Tipología de Coleccionismo Privado de Arte Contemporáneo en España 1977-2017. Perfiles de Coleccionistas”, propoñendo un percorrido por diferentes coleccións privadas. Esta investigación realiza unha cartografía do coleccionismo privado de arte contemporánea en España nos últimos corenta anos, un estudo que ofrece resposta ás seguintes cuestións: quen colecciona, como se colecciona, por que se colecciona, que obxectivos e futuro teñen esas coleccións e que contido e discurso artístico hai nelas. “Perfiles de Coleccionistas” conforma a armazón principal do estudo. En canto ás coleccións que se presentan como foco de estudo, categorízanse en fundacionais, bancarias, empresariais e particulares.

Manuel Haro Ramos presentará as achegas do sistema financeiro español —caixas de aforros, bancos, banca pública e compañías aseguradoras— á cultura e á arte a través das súas fundacións e obras sociais. Estas institucións forman parte do denominado “terceiro sector”. Actuaron como “novos mecenas” e foron un reflexo dunha boa práctica de colaboración entre o público e o privado, unha forma de unir esforzos. Naceron, na súa maioría, na década dos 80 do s. XX e desenvolvéronse ata a crise de 2008. Na práctica do día a día, estas fundacións e obras sociais realizaron, entre outras, accións de mecenado, coa constitución das súas coleccións de arte, e de patrocinio, como as exposicións temporais, que contribuíron e contribúen a achegar a cultura a unha gran maioría da cidadanía, axudando tanto a educar o gusto dos diferentes públicos como a romper barreiras para acercar a cultura á sociedade.

Pechará o programa a intervención de Luis Trigo, dando resposta ás seguintes cuestións vinculadas co coleccionismo privado: obxectivos e retos con relación á conservación do patrimonio artístico; obxectivos e retos verbo do dereito de todos ao acceso ao coñecemento do patrimonio artístico; obxectivos e retos no que atinxe á creación artística e ao impulso do mercado da arte; intervención pública e privada, importancia do coleccionismo privado e a súa interacción coas coleccións públicas; políticas de fomento da participación privada na atención de intereses xerais con relación á arte; marco da normativa de reguladora do mecenado estatal e autonómico, con especial referencia ao marco fiscal; propostas.

## Programa

---

16:15 horas  
Inauguración

16:30 horas  
*Cartografía do coleccionismo privado na arte contemporánea en España*

**Carmen de la Guerra**

Historiadora, galerista (1995-2017, participou en ARCO, Art Miami, Artissima, Armony Show NY), comisaria de exposicións, colaboradora nos premios nacionais de fotografía do Ministerio de Cultura; traballa con Francisco Calvo Serraller e Delfín Rodríguez na tese *Tipología de coleccionismo privado de arte contemporáneo en España, 1977-2017*.

17:15 horas  
*Por que investiron as Caixas e os Bancos en arte?*

**Manuel Haro Ramos**

Doutor “cum laude” en Historia da Arte pola Universidad Complutense de Madrid, Máster en Estudos Avanzados en Historia da Arte Española e relator en foros nacionais e internacionais sobre coleccionismo.

18:00 horas  
Descanso

18:15 horas  
*Que se fai e que se podería facer para estimular fiscalmente o coleccionismo?*

**Luis Trigo**

Avogado especializado en asesoramento fiscal de grandes coleccións de arte (considerado o avogado máis destacado de España na especialidade polo prestixioso directorio de avogados británico Chambers&Partners), coleccionista de arte, membro do Círculo Velázquez da Fundación Amigos do Museo do Prado e da Comisión de Debuxo e Estampas do citado museo e presidente da Fundación El Secreto de la Filantropía.

19:00 horas  
Debate

## **Organiza**

Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **Coordina**

Manuel Quintana Martelo

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado.  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

## **Organiza:**

